



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2020

ROI VIDAL

**COMPOESCENAS. PASEO DRAMÁTICO
POLOS ESCENARIOS TEATRAIS DE
COMPOSTELA**



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg-gal



Deputación
DA CORUÑA

COMPOESCENAS

PASEO HISTÓRICO POLAS RÚAS E TEATROS DE COMPOSTELA

Roi Vidal Ponte

Comezamos na Praza da Quintana. Estamos abaixo, que temos diante? A grande escalinata. Desde aquí sentímonos observadoras ou observadas? Subamos as escaleiras. Miramos agora cara a abaixo.

Ante nós A Quintana (cantos concertos, cantas manifas, cantas mañás bretemosas, cantas tardes solleiras de primavera non teremos vivido neste maxestoso lugar...?). Como nos sentimos agora?

Observadoras ou observadas. Deixemos un momento a praza, subamos pola Praza do Pan cara á rúa da Algalia, deteñámonos un intre aquí, no número 11. Sabedes o que é isto? Volveremos axiña, de momento imos subir un chisco máis arriba, cara a onde o casco histórico perde o seu nome. Xusto en fronte do restaurante La Bodeguilla está o colexio La Salle. Que facemos aquí? Isto non era un roteiro teatral? Alguén ve algún teatro? Non, pero si un colexio. E no colexio hai un salón de actos.

Nos anos setenta este salón de actos adoitaba recibir visitas de moitas das mellores compañías do teatro independente español: *Els Joglars*, *La Cuadra*, *Goliardos*... E nese salón de actos foi onde se estreou por primeira vez na historia de Galicia unha obra de teatro producida por unha compañía profesional. É o día 16 de maio do ano 1978. A compañía *Teatro Antroido* estrea *Laudamuco, señor de ningures*, un texto de Roberto Vidal Bolaño interpretado por el mesmo, pola actriz Laura Ponte e polo hoxe escenógrafo Rodrigo Roel, baixo a dirección de Eduardo Alonso.

Pero, como chegamos ata aquí? E antes, como era o teatro en Compostela antes de ser profesional? Baixemos pola Algalia. Paremos de novo aquí, no portal número 11. Este edificio foi motivo de atención mediática hai poucos anos polo desaloxo

que sufriron as persoas que xestionaban un Centro Social Ocupado situado no seu interior, chamado Escarnho e Maldizer. Pero antes... Vedes esa placa? Esta foi a sede da Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos, un daqueles míticos coros que mantiveron acesa a chama das artes escénicas galegas durante os anos 20 do século vixésimo. Se abrimos ben as orellas poderemos ser quen de escoitar...? Si, si... Aí está! Sentídela? Oídes esa melodía? Recoñecédela, non si? É Lela, unha das nosas cancións máis coñecidas, fermosas e queridas. Foron elas, as integrantes deste coro compostelán, as primeiras persoas en cantar esta peza. E a que non sabedes onde? Pois, na Praza da Quintana. Bulide, baixemos de novo cara alí. Cantemos a coro: Lela, lela... Aquí estamos. Mirade, a praza está chea: 7000 espectadores. Que é todo isto? Ah, viaxamos no tempo! Estamos no 25 de xullo do ano 1961.

A praza esta chea de cadeiras. O respectable público enche a praza até rebentar. E tan respectable.

Aquel da primeira fila non é Otero Pedrayo? E aquel Filgueira Valverde. Tamén están Ramón Piñeiro, Fernández del Riego, Álvaro Cunqueiro, Antón Fraguas, Fermín Bouza Brei, Aquilino Iglesia Alvariño e incluso as irmás de Castelao. Acudiron a presenciar a estrea na Galiza da obra de Castelao *Os vellos non deben de namorarse*, a cargo do grupo teatral da Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos, denominada *Teatro Español Universitario*, baixo a dirección de Rodolfo Lopez Veiga. A canción formaba parte do texto de Castelao, e como non tiña anotación musical, o seu compositor inspirouse no estilo das cancións da tuna compostelá. De aí o aire tunesco da peza.

López Veiga xa dirixiu, hai un par de anos, textos contemporáneos do teatro europeo como a *Antígona* do escritor francés Jean Anouilh; pero... estrear *Os vellos...* de Castelao... na Galiza...

Nos anos 60...! En pleno franquismo...! É un acto case revolucionario. Mesmo hai quen di que aquela función constituíu o Día da Patria *avant la lettre*, é dicir, un antecedente da hoxe xa tradicional reivindicación nacionalista de cada 25 de xullo. E todo grazas ao teatro!

E agora que pasa? Xiramos! Mirade: agora o escenario está no outro lado da praza, na escalinata. E é un escenario inmenso. Pasou un ano. Estamos no 1962. O que vemos agora é un *Auto Sacramental*, escenificado pola compañía *Ditea*, dirixida por Agustín Magán. Durante boa parte desta década vaise instaurar aquí a tradición de

representar autos sacramentais de Calderón de la Barca os días de Corpus e outros textos máis contemporáneos cada 25 de xullo. A Quintana dos vivos! A Quintana dos mortos! A Quintana... dos teatros! Porque, en Compostela o teatro galego comezou a resucitar en pleno franquismo fóra dos edificios teatrais. Estes dous acontecementos que tiveron lugar na Quintana constituíron unha enorme inspiración para a xeración que vai protagonizar o rexurdimento definitivo dos nosos teatros.

O tempo pasou, o franquismo finou e Galiza dotouse de Autonomía. Mulleres e homes que tiveron na vila ourensá de Ribadavia unha boa vía de escape para experimentar as novas linguaxes.

Todo este movemento levado a cabo pola que se deu en chamar xeración *Abrente*, tivo como colofón a fundación, no ano 1984 do Centro Dramático Galego, a compañía institucional do noso teatro.

Vide agora pola rúa do Vilar. Deteñámonos ante este elegante café: O Casino. Antigamente fora o Casino no que se reunían as forzas vivas da cidade. Mais nos anos 80 o local estaba abandonado. Sabedes por que estamos aquí? Non, non é que vaia convidarvos a un café. Aquí van moi caros. Non, resulta que no primeiro andar deste edificio, foi onde, desde o ano 84 ata o 96 estivo a sede do Centro Dramático Galego e o seu local de ensaios. Lembro vir cos meus pais a algún ensaio (*A pousadeira, Espectros, A casa dos afogados*, mesmo de *Saxo tenor!*) Lembro...

Xusto antes de subir as escaleiras que levan ao primeiro, determe a axexar por unha das xanelas rotas do vello local abandonado. E lembro ver entre a penumbra e o pó, as arañeiras, os mobles cubertos de sabas, escuridade, pasado. Hoxe é unha das cafetarías con máis aquel da cidade. Nos descansos dos ensaios a pertinente tertulia e o inexcusable cigarro, evidentemente, non tiñan lugar aquí, senón na cafetaría que fica ao outro lado da porta: o Carballeira.

Un pouco máis alá, nesta mesma Rúa do Vilar, temos o mítico Cine Yago. Funcionou como cine ata comezos deste século. Pechou durante uns poucos anos até que foi reaberto pola compañía *Títeres Cachirulo*, de Jorge Rey e Carmen Domenech, á que logo se sumou *Teatro do Noroeste*, de Luma Gómez e Eduardo Alonso. Foi, ata o ano 2007 unha das tres salas privadas da cidade, xunto coa Sala Nasa, rexentada por Chévere e situada fronte á Carballeira de San Lourenzo, nun extremo do

Campus Sur; e a Sala Galán rexentada por Matarile e situada na rúa de Gómez Ulla, na zona do Vello Ensanche. A Sala Yago chegou a ter nos seus mellores anos, a mediados da primeira década deste século, programación estable de teatro infantil, teatro para xente adulta e ciclos de cinema.

Incluso serviu como sede de proxección dos filmes do Cine Clube Compostela, antes de que este se trasladase ao local da Gentilha do Pichel. O edificio da Sala Yago fíxose tristemente famoso despois de dous intentos de okupación de movementos de base composteláns de tendencia anarquista e independentista, que pretendían denunciar o estado de abandono do inmovible abrindo as súas portas e convidando a entrar ao público para asistir a actos escénicos reivindicativos. Ao igual que pasou coa sede de Cantigas e Agarimos e Escamho e Maldizer, estas okupacións foron debida e brutalmente frustradas polas forzas represivas da orde. Este é o seu estado actual. Desde o ano 2019 está en venda por 3 millóns de euros.

Metámonos agora pola calexa de Entrerrúas. Saímos á Rúa Nova. Xusto en fronte da Igrexa de Salomé está o Salón Teatro. Este edificio inaugurado no ano 1920, foi primeiro o salón de eventos da liga da Mutua de Señoras de Santiago, que celebraba aquí as súas festas e bailes. Nos anos 30 o empresario Isaac Fraga mercouno para convertelo en espazo de exhibición do moderno cinematógrafo. De feito, o Salón Teatro seguiu funcionando ininterrompidamente como cinema ata mediados dos anos 90. Era aquí onde os principais cineclubes da cidade programaban aquelas sesións dobres onde a intelectualidade universitaria puido ver cine de autor durante as décadas dos anos 60 e 70. Polo que respecta ao edificio desde o punto de vista arquitectónico, é salientable a remodelación que se lle aplicou a fachada no ano 1949. Xa nos anos 90, finalmente a xunta comprou o edificio para convertelo na sede da compañía de teatro institucional, o CDG. No ano 95, mentres se estaban a levar a cabo as obras desta última remodelación atopáronse nos baixos do edificio restos arqueolóxicos de construcións civís pertencentes ao século XVI. Estes vestixios, esa historia, fica aí, debaixo do patio de butacas onde hoxe podemos sentar a ver as estreas do Centro Dramático Galego.

O feito de ter unha compañía institucional cun plantel de traballadoras/es públicas/os estables fai que se poidan producir marabillas lingüísticas como a que agora vou partillar. Veredes, nun teatro os termos esquerda e dereita son tan

necesarios como confusos. Ás actrices e os actores, precisan preguntarlle á perosa que as dirixe desde o patio de butacas por que lado teñen que saír logo de finalizar unha escena ou cara a que parede teñen que mirar mentres escoita o monólogo dunha personaxe protagonista. Pero sempre pode existir a dúbida. Díxome que cara á esquerda, pero... A que esquerda se refería? Á nosa? Ou á súa? Non é o mesmo estar nunha butaca mirando cara ao escenario que estar no escenario mirando cara as butacas. Pois ben, para os técnicos, tremoias e traballadores fixos do Centro Dramático, esa confusión está solucionada. Como moita xente sabe, o Salón Teatro está franqueado por dúas cafetarías. O Rúa Nova, no seu lado esquerdo e o Rhin no seu lado dereito. Así que, unha vez dentro xa non ten por que haber esquerdas nin dereitas. As cousas e os intérpretes entran e saen *polo lado do Rúa* ou *polo lado do Rhin*. E así xa non hai confusión posible, pois todo o mundo sabe onde están o Rúa e mais o Rhin.

E agora, se chegamos un chisquiño máis alá, por dentro dos soportais toparémonos co gran teatro burgués de Compostela: o Teatro Principal. Inaugurado no ano 1841, edificado polo arquitecto Manuel Prado y Ballo. Segundo os estudosos da súa historia, esta pode dividirse en tres etapas fundamentais: a primeira é a do século XIX, período durante o cal funcionou como salón burgués, no que as clases máis podentes da cidade celebraban recitais e eventos tales como as mascaradas do entroido e festas varias. Escoitemos un recorte de prensa do xornal *El Eco de Santiago* do día 8 de febreiro do ano 1898. “*No amplo local, profusamente iluminado, bailouse moito e ben até as tres e media da madrugada. E na velada ostentáronse caprichosos e elegantes disfraces e déronse bromas moi oportunas e enxeñosas.*” Este mesmo xornal danos conta tamén do tipo de actuacións que podían ter lugar no teatro: “*O notable hipnotizador, calculista e hipnotista barón de Cardeodopol, dará no teatro unha variadísima función de maxia, resolución instantánea de problemas propostos polos espectadores e magnetismo mental*”.

A comezos dos anos 20, o Principal comezará unha segunda etapa. Aparece en escena de novo o empresario Isaac Fraga, que instala no edificio un dos primeiros cinematógrafos do país, onde teñen lugar as primeiras proxeccións de cinema silente. É neste momento cando se instalan as butacas na platea, que tradicionalmente estivera baleira para deixar espazo para os bailes. O escenógrafo Camilo Díaz Baliño será o encargado de deseñar os carteis da programación do Teatro Principal durante os primeiros anos do século XX. Non podemos pasar por

alto a inesperada e famosa estrea en marzo de 1927 da obra *Margarida a malfadada*, da autoria da novísima dramaturga Herminia Fariña. Un auténtico acontecemento que no seu día foi recibido coa pompa que lle outorgaba a presenza de todas as autoridades municipais e mesmo de persoeiros da deputación provincial. Non en van aquela sociedade provinciana, entendía, en plena ditadura de Primo de Rivera, e esquecendo todo o labor dramatúrxico do Teatro Rexionalista e o das Irmandades da Fala, que aquela era a primeira obra teatral escrita na lingua galega.

É xa desde mediados do franquismo até a actualidade cando o Principal vive a súa Terceira etapa, a do grande teatro público compostelán, propiedade do concello, que cun aforo de 450 persoas acolle eventos como os festivais de cine Curtocircuíto, Amal ou Cineuropa, ademais dunha variada programación de teatro infantil e de adultos, de compañías tanto nacionais como estatais.

Neste teatro sucedeu non hai tanto tempo unha curiosa anécdota, presenciada de primeira man polo dono desta voz en off que vos está a falar agora mesmo. É o ano 1990. O CDG estrea no Principal a obra *Yerma*, de Federico García Lorca. Os abaneos da política autonómica daqueles anos fixeron que aquel espectáculo fose producido dun xeito sensiblemente diferente. Por primeira vez en 6 anos a produción da compañía institucional estaba encadrada como actividade complementaria dentro do I *Congreso Internacional da Cultura Galega*, o que provocou que os convites fosen organizados pola Dirección Xeral de Cultura e non polo propio CDG, enchendo así o Principal de congresistas, políticos case exclusivamente conservadores e funcionariado da Consellería de Cultura, en contraste coa case total ausencia de integrantes da profesión teatral e de xentes do mundo da cultura compostelá e galega. A peza comeza cunha escena na que unhas lavandeiras cantan unha canción. Na segunda escena entran dúas actrices para manter un diálogo, mais antes de soltar palabra... Ao lado da mesa do control técnica, no fondo do patio de butacas, unha persoa ponse en pé... Percorre paseniño todo o corredor central ante a mirada sorprendida da xente que enche o patio de butacas... Detense diante do proskenio... Ergue a man nun xesto que lles ordena as actrices que paren de actuar. Xírase, mira cara ao público e di. “*Por favor, desaloxen a sala*”. Xa podedes imaxinar o balbordo. Que pasa? Isto que é? Unha broma? Non nos van dar explicacións?

Eu teño oito anos, asistira cos meus avós para ver actuar a miña nai, que formaba parte do elenco. O primeiro que fixen foi dirixirme aos camaríns. Alí miña nai dime que non sabe nada, pero que xa hai xente que subiu á terraza interior do edificio por medo do que puidese pasar. Ao paso dos minutos vai medrando o murmuro de que todo se debe a unha ameaza de bomba. Ao cabo dun tempo, que para algúns parece unha eternidade, finalmente somos informados de que podemos volver entrar no recinto, a función vai continuar. Logo sóubose que a ameaza era falsa, unha trampa, unha mentira, unha ficción, un teatro.

Compostela continúa a ser unha das capitais do teatro galego. Con teatros aos que non puidemos chegar neste roteiro por falta de tempo. O inmenso Auditorio de Galicia, reservado para os eventos máis multitudinarios. O auditorio Abanca da rúa do Preguntoiro, que é un dos máis recentes edificios teatrais do país. A minúscula Sala Roberto Vidal Bolaño pertencente á Aula de Teatro da Universidade e situada no Campus Sur, ou a Sala Agustín Magán, no centro sociocultural do barrio de Santa Marta. Lugares, todos eles, que cómpre coidar. Lugares únicos, máxicos, misteriosos. Lugares históricos: lugares espello.